

ΔΙΔΑΓΜΑ



1

Tempos e modos verbais da conxugación temática

2

A xustiza e a guerra na Antiga Grecia

ΒΛΕΠΕ!

Na presentación que veremos neste Tema trataremos da administración da xustiza en Atenas, así como da forma de facer a guerra que tiñan os antigos gregos:

1. Ἡ δικαιοσύνη καὶ ὁ πόλεμος ἐν τῇ παλαιᾷ Ἑλλάδι (“A xustiza e a guerra na Antiga Grecia”): tribunais e guerra -sobre todo a segunda- marcaron a vida de moitas persoas na Antiga Grecia, e a estes dous aspectos prestaremos a nosa atención.



ΑΝΑΓΙΓΝΩΣΚΕ!

Xeralidades sobre o verbo grego

A estrutura dos tempos, modos e voces do verbo grego é algo diferente da nosa, que deriva, tanto en galego como en castelán, do latín. Ata agora traballabamos unicamente co presente de indicativo e o pretérito imperfecto, que ten correspondentes exactos nas nosas linguas. A partir deste Tema coñeceremos o sistema completo, que se expón na seguinte táboa:

	nome	significado	tradución
TEMPOS	presente	acción presente	presente
	futuro	acción futura	futuro
	pretérito perfecto	acción pasada que chega ata o presente	pret. perfecto (gal) ou pret. perfecto composto (cas)
	pretérito imperfecto	acción pasada contemplada na súa duración	pret. imperfecto
	aoristo	acción pasada contemplada puntualmente	pret. perfecto (gal) ou pret. perfecto simple (cas)
	pretérito pluscuamperfecto	acción pasada anterior a outra acción pasada	pret. pluscuamperfecto
MODOS	indicativo	acción real	indicativo
	subxuntivo	acción posible ou irreal	subxuntivo
	optativo	desexo	oración desiderativa
	imperativo	orde	imperativo
VOCES	activa	acción desde o punto de vista do SUX	activa
	media	acción reflexiva	verbo en conjugación reflexiva
	pasiva	acción desde o punto de vista do OBX	pasiva

Debe terse en conta que **non se dan todas as combinacións posibles**:

- o modo **imperativo non ten 1ª persoa**, nin en singular nin en plural.
- os modos **subxuntivo e imperativo só teñen os tempos presente, aoristo e pretérito perfecto**.
- o tempo **pretérito imperfecto só existe en modo indicativo**.
- o tempo **futuro só se dá nos modos indicativo e optativo**.
- o tempo **pretérito pluscuamperfecto só se atopa en modo indicativo**.
- a voz **media só se distingue da pasiva no futuro e no aoristo**.

Os morfemas engádense á raíz ou tema verbal na seguinte orde:

raíz – morfema de tempo – morfema de modo- desinencias persoais

Ademais, algúns tempos empregan dous mecanismos: o **aumento** (como xa vimos no pretérito imperfecto) e a **reduplicación**:

- **aumento**: consiste en **engadir como prefixo a vogal ε**: ἔλυον (verbo λύω). Úsano o pretérito imperfecto e o pluscuamperfecto.
- **reduplicación**: consiste en **engadir como prefixo a consoante inicial da raíz verbal máis a vogal ε**: ἔλυκα (verbo λύω). Úsao o pretérito perfecto (e o pluscuamperfecto, que ten aumento e reduplicación).

Ó engadir os morfemas ás raíces verbais poden producirse fenómenos fonéticos que alteran a aparencia deses morfemas. Por iso cómpre coñecer os **tipos de verbo gregos, que se clasifican en función de como interaccionan os morfemas coa raíz**. Á parte están os verbos irregulares, que estudaremos máis adiante.

Tipos de verbo

verbos en -ω (temáticos)	non contractos	raíz verbal en -ι, -υ	Ex.: λύω
	contractos	raíz verbal en -α, -ε, -ο	Ex.: τιμάω
	consonánticos	raíz verbal en consoante	Ex.: ἄγω
verbos en -μι	reduplicación con ι no presente e o pret. imperfecto		Ex.: τίθημι
	sufijo -νυ- previo á terminación: -νυμι		Ex.: δείκνυμι
	sen reduplicación nin sufixo		Ex.: φημί

A diferenza básica entre os verbos en -ω e os verbos en -μι é que os **primeiros engaden unha vogal, chamada temática ou de unión, entre o morfema temporal e as desinencias persoais**. Esa vogal é -ο- diante das desinencias que empezan por μ- e ν-, e -ε- diante das demais. Por iso son denominados tamén **verbos temáticos**.

Así, a orde de construción dos verbos en -ω é a seguinte:

raíz – morf. de tempo – vogal temática – morf. de modo- desinencias pers.

Morfemas

Os morfemas e desinencias do verbo grego aparecen nas seguintes tres táboas:

morfemas de MODO	INDICATIVO	SUBXUNTIVO	OPTATIVO	IMPERATIVO
	ningún	alongamento da vogal temática	-ι-	ningún

morfemas de TEMPO	PRESENTE	FUTURO	PRET. PERFECTO	
	ningún	-σ-	reduplicación + -κα-	VOZ ACTIVA
		-θησ-	reduplicación	VOZ MEDIA VOZ PASIVA
	PRET. IMPERFECTO	AORISTO	PRET. PLUSCUAMP.	
	aumento	-σα-	aumento + reduplicación + -κ-	VOZ ACTIVA
		-θη-	aumento + reduplicación	VOZ MEDIA
				VOZ PASIVA

persoas	modo INDICATIVO					modo IMPERATIVO	
	voz activa			voz medio-pasiva		voz activa	voz medio-pasiva
	tempos 1ºs		tempos 2ºs	tempos 1ºs	tempos 2ºs		
1ª sing	-ω	-μι	-ν	-μαι	-μην		
2ª sing	-ς			-σαι	-σο	(-θι)	-σο
3ª sing	nada	-τι (-σι)	nada	-ται	-το	-τω	-σθω
1ª pl	-μεν			-μεθα			
2ª pl	-τε			-σθε		-τε	-σθε
3ª pl	-ντι	-ασι	-ν (-σαν)	-νται	-ντο	-ντων	-σθων

NOTA 1: O modo SUBXUNTIVO emprega sempre as desinencias dos tempos primarios, mentres o OPTATIVO usa sempre as dos secundarios.

Como xa mencionamos, o encontro dos diversos morfemas coa raíz verbal (e o encontro dos propios morfemas entre si) provoca unha serie de alteracións fonéticas. Por iso é **conveniente aprender as terminacións verbais de cada tempo.**

TEMPOS PRIMARIOS

tempo voz	PRESENTE		FUTURO			PRET. PERF. (redup).		modo
	act	med-pas.	act.	med.	pas.	act	med-pas.	
1ª sing	-ω	-ομαι		engadir	engadir	-κα	-μαι	INDICATIVO
2ª sing	-εις	-ει / -η	engadir	-σ-	-θησ-	-κας	-σαι	
3ª sing	-ει	-εται	-σ-	antes das	antes das	-κε	-ται	
1ª pl	-ομεν	-ομεθα	antes das	des. per.	des. per.	-καμεν	-μεθα	
2ª pl	-ετε	-σθε	des. per.	des. per.	des. per.	-κατε	-σθε	
3ª pl	-ουσι	-ονται		med.-pas.	med.-pas.	-κασι	-νται	
1ª sing	-ω	-ωμαι	X			engadir	part. pasivo + pres. subx. εἰμί	SUBXUNTIVO
2ª sing	-ης	-η				-κ-		
3ª sing	-η	-ηται				antes das		
1ª pl	-ωμεν	-ωμεθα				des. per.		
2ª pl	-ητε	-ησθε						
3ª pl	-ωσι	-ωνται						
1ª sing	-οιμι	-οιμην	engadir	engadir	engadir	engadir	part. pasivo + pres. opt. εἰμί	OPTATIVO
2ª sing	-οις	-οιο	-σ-	antes das	antes das	-κ-		
3ª sing	-οι	-οιτο	-σ-	antes das	antes das	antes das		
1ª pl	-οιμεν	-οιμεθα	antes das	des. per.	des. per.	des. per.		
2ª pl	-οιτε	-οισθε	des. per.	med.-pas.	med.-pas.			
3ª pl	-οιεν	-οιντο						
1ª sing			X			part. perf + pres. imp. εἰμί	-σο -σθω -σθε -σθων	IMPERATIVO
2ª sing	-ε	-ου						
3ª sing	-ετω	-εσθω						
1ª pl								
2ª pl	-ετε	-εσθε						
3ª pl	-οντων	-εσθων						

NOTAS:

1. A única diferenza entre o Presente de Indicativo e o de Subxuntivo é a da cantidade das vogais temáticas: sempre breve en Indicativo, e sempre longa no Subxuntivo.
2. O Futuro, que só está presente no Indicativo e o Optativo, **distínguese doadamente polo seu morfema**, intercalado entre a raíz e as desinencias persoais: **-σ-** nas voces activa e media, e **-θησ-** na voz pasiva.
3. O Pretérito Perfecto identifícase con facilidade mediante a **reduplicación** e o morfema **-κ-** anterior ás desinencias persoais.
4. O modo Optativo distínguese nestes tempos verbais pola presenza do diptongo **-οι-** antes das desinencias persoais.

TEMPOS SECUNDARIOS

tempo voz	PRET. IMP. (aum.)		AORISTO (aum. – só en IND.)			PRET. PLUSC. (aum. + red.)		modo
	act	med-pas.	act.	med.	pas.	act	med-pas.	
1ª sing	-ον	-όμην	-σα	-σαμην	-θην	-κειν	-μην	INDICATIVO
2ª sing	-ες	-ου	-σας	-σω	-θης	-κεις	-σο	
3ª sing	-ε	-ετο	-σε	-σατο	-θη	-κει	-το	
1ª pl	-ομεν	-όμεθα	-σαμεν	-σαμεθα	-θημεν	-κειμεν	-μεθα	
2ª pl	-ετε	-εσθε	-σατε	-σασθε	-θητε	-κειτε	-σθε	
3ª pl	-ον	-οντο	-σαν	-σαντο	θησαν	-κεσαν	-ντο	
1ª sing			engadir	engadir	-θω			SUBXUNTIVO
2ª sing			-σ-	-σ-	-θης			
3ª sing			antes das	antes das	-θη			
1ª pl			des. per.	des. per.	-θωμεν			
2ª pl			des. per.	med.-pas.	-θητε			
3ª pl			<u>sen aum.</u>	<u>sen aum.</u>	-θωσι			
1ª sing			-σαιμι	-σαιμην	-θειην			OPTATIVO
2ª sing			-σειας	-σαιο	-θειης			
3ª sing			-σειε	-σαιτο	-θειη			
1ª pl			-σαιμεν	-σαιμεθα	-θειμεν			
2ª pl			-σαιτε	-σαισθε	-θειτε			
3ª pl			-σειαν	-σαιντο	-θειεν			
1ª sing			-σον	-σαι	-θητι			IMPERATIVO
2ª sing			-σατω	-σασθω	-θητω			
3ª sing								
1ª pl								
2ª pl			-σατε	-σασθε	-θητε			
3ª pl			-σαντων	-σασθων	-θεντων			

NOTAS:

1. O Pretérito Imperfecto, existente só no modo Indicativo, distínguese doadamente mediante o **aumento** (prefixo ε-).
2. O Aoristo pódese identificar das seguintes formas:
 - en **Indicativo**: presenta **aumento** (prefixo ε-) e o **conxunto -σα-** en todas as persoas da voz activa (agás na 3ª persoa de singular: -σε) e media (agás na 2ª persoa de singular: -σω).

- En **Subxuntivo**: na voz **activa** é **igual** ó **Presente**, coa **intercalación de -σ-** entre a raíz e as desinencias persoais. Na voz **pasiva** distínguese polo **conxunto -θω/-θη-**.
- En **Optativo**: nas voces **activa e media** aparece o **conxunto -σαι/-σει-**. Na **pasiva**, faíno o **grupo -θει-**.

Téñase en conta que o **aumento no Aoristo** só aparece no **modo Indicativo**.

3. O **Pretérito Pluscuamperfecto** destácase claramente dos demais por presentar **aumento e reduplicación**. Ó igual que o Imperfecto, só aparece no **modo Indicativo**.

Peculiaridades do aumento

Os verbos que empezan por vogal realizan o aumento alongando a súa vogal inicial, de acordo coas seguintes normas:

vogal (ou ditongo) inicial	alongamento	exemplo (no pret. imp.)
α-	η-	ἀγορεύω > ἡγόρευον
ε-	η-	ἐλπίζω > ἤλπιζον
ο-	ω-	ὀρίζω > ὠρίζον
αι-	η-	αἶρω > ἤρουν
ει-	η-	εἰκάζω > ἤκαζον
οι-	ω-	οἰκίζω > ὤκιζον
αυ-	ηυ-	αὐξάνω > ἡύξανον
ευ-	ηυ-	εὐρίσκω > ἡύρισκον
ου-	manténse	οὐτάζω > οὔταζον

Os verbos compostos por prefixación introducen o aumento entre o prefixo e a raíz verbal: **προσβάλλω > προσέβαλλον**.

Peculiaridades da reduplicación

Alguns verbos non seguen a norma xeral para crear a súa reduplicación:

verbos	peculiaridade	exemplo (pret. perfecto)
verbos que empezan por aspirada	non se duplica a aspirada, senón a oclusiva xorda correspondente: φ > π θ > τ χ > κ	φονεύω > πεφόνευκα θύω > τέθυκα χορεύω > κεχόρευκα
verbos que empezan por vogal, ῥ-, consoante dobre ou dúas consoantes (agás que sexan oclusiva + líquida)	realizan o aumento en lugar da reduplicación	ὀρίζω > ὠρικά ῥίπτω > ῥριφα ψαύω > ῥψαυκα στρατεύω > ῥστράτευκα
verbos que empezan por oclusiva + líquida	duplícase só a oclusiva	κλείω > κέκλεικα
verbos que empezan por γν-	realizan o aumento en lugar da reduplicación	γνορίζω > ῥγνώρικά

Os verbos compostos por prefixación introducen a reduplicación entre o prefixo e a raíz verbal: καταλύω > καταλέλυκα.

Advertencias

1. Aínda que nas táboas anteriores se inclúen as terminacións das voces media e pasiva, no serán utilizadas ata o Tema seguinte do Curso.

2. A aprendizaxe da conxugación grega é complexa pero, por sorte, non todos os tempos e modos aparecen coa mesma frecuencia. Para as secuencias e textos que traduciremos durante este Curso e o seguinte, convirá aprender, sobre todo, os seguintes elementos:

- desinencias primarias e secundarias, activas e medio-pasivas.
- alongamento da vogal temática no subxuntivo.
- característica **-ι-** do optativo.
- características **-σ-** (voz activa e media) e **-θησ-** (voz pasiva) do futuro.
- reduplicación e característica **-κ-** do pretérito perfecto.
- aumento no pretérito imperfecto.
- aumento e característica **-σ-** no aoristo activo (recoméndase aprender o grupo morfema + desinencia).
- aumento e característica **-θ-** do aoristo pasivo.
- aumento e reduplicación do pretérito pluscuamperfecto.

ΕΡΓΕ!

1. Analiza e traduce as seguintes secuencias:

α) Οἱ γέροντες περὶ τῶν πραγμάτων βουλευσουσιν

β) Θύωμεν τοῖς θεοῖς καὶ παύωμεν τὰς τῶν πολιτῶν στάσεις

γ) Μὴ δουλεύετε ταῖς ἡδοναῖς

δ) Ὁ Κλέαρχος παρὰ τοὺς ὄρκους ἔλυσε τὰς σπονδάς

ε) Οἰδίπους ἐβασίλευσεν ἐν ταῖς Θήβαις

ζ) Ὁ Ζεὺς τὴν Ἀθηνᾶν ἔφυσεν ἐκ τῆς ἑαυτοῦ κεφαλῆς

η) Ὁ Σόλων ἔπαυσε τὰς διαφορὰς τῶν Ἀθηναίων, καὶ τὰς βίας τῶν δανειστῶν ἐκώλυσε

θ) Μετὰ τὸν Θησέως θάνατον, οἱ Ἀθηναῖοι ἱδρυσαν τὸ Θησεῖον

ι) Οἱ Ἀθηναῖοι Ἀριστείδην ὠστράκιζον

κ) Κόνων ὁ Ἀθηναῖος τὴν τῶν Λακεδαιμονίων ἀρχὴν ἐν Ἀσίᾳ κατέλυσεν

λ) Ὅμηρος τὸν Ἀγαμέμνονα προσεγόρευσε “ποιμένα λαῶν”

μ) Ὁ Ἀχιλλεύς ἐφόνευσε τὸν Ἑκτώρα

ν) Οἱ πολεμῖοι τὰς σπονδὰς παρὰ τοὺς ὄρκους λελύκασι

ο) Οἱ στρατιῶται τὰς τῶν ἐχθρῶν κώμας ἐπεπυρεύκεσαν

π) Τὴν Ἑλλάδα πεπαίδευκεν Ὅμηρος

ρ) Οἱ πολεμῖοι πεφονεύκασι ἄνδρας τε καὶ ἵππους

ς) Πυθαγόρας ὁ φιλόσοφος ἤσθιε μόνον ἄλφιστα καὶ σῦκα καὶ ἄμυγδάλας καὶ ἄλλους καρποὺς ἢ λάχανα πλὴν τῶν κυάμων

2. Completa os dous cuestionarios do Tema no Curso da Aula Virtual.